

Por César Varela

Para explicar a orixe e polo tanto o significado do nome do Hío atopamos unha dificultade de entrada:

Sempre os nomes dos lugares aparecen repetidos polo noso país adiante; hai infinitos lugares que locen o nome poñamos por caso de: CANGAS, PAZOS, OUTEIRO, XESTOSO, ou CIVIDADE, e así investigando nun lugar do mesmo nome que teña máis documentacións, somos capaces de xeneralizar para os outros nomes que pertencen á mesma familia nominal, podemos traballar en varias fronte e ao cabo é posíbel desentrañar o sentido orixinal de cada nome.

Infelizmente non é o caso do nome do HÍO, por máis que procuramos en diversos nomenclators, nunca demos atopado no país un lugar homónimo da nosa parroquia do Morrazo.

Ao investigar na evolución histórica do nome atopámonos con que nos documentos medievais xa era designada co nome de: "Sancti Andreae de Yo" ou de "HUYÓ" se facemos caso ao P. Sarmiento.

Nun documento do ano 1.262 do mosteiro de Oseira faise referencia a unha testemuña dun tal: *Iohannes dictus redeyro piscator de Yo*.

Iste nome do YO, así escrito, deu pé á teoría que anda por aí de que o nome da parroquia algo debe ter a ver coa deusa da mitoloxía grega Io, filla de Ínaco, da que Camoes escribe: "Io foi vaca; Júpiter foi touro". Non sabemos ben como se pode relacionar a nosa modesta parroquia do Morrazo con semellantes parentescos do Olimpo, aínda que non falta unha teoría que estivo de moda que advoga pola orixe grega de moitos dos nosos topónimos.

Hai anos a escrita que presenta o P. Sarmiento de HUYÓ, levounos a pensar a orixe do nome como procedendo dun lugar alagado ou ollo de água (oculus), que estaría localizado nas terras húmidas e lenturentas do lugar de Vilaríño.

É hoxe que dubidamos da autenticidade deste nome que recolle o noso gran Bieito, pois en toda a documentación medieval que manexamos sempre aparece como "Yo" ou "Io" e polo tanto retractándonos da interpretación que demos no seu día nas páxinas de A NOSA TERRA.

A nosa crenza de que os nomes de lugares non aparecen sós, senón que se repiten, pois expresan, monumentos, traballos ou nomes que foron comúns na nosa sociedade doutros tempos, levounos a procurar o nome por terras portuguesas pois ao fin os galegos e os miñotos a mesma tropa somos!

E tivemos sorte! Alí apareceu o noso nome, aínda que un pouco escondido, en dous lugares chamados: "Ribeira Dio " e "Portella Dyu", ou sexa Ribeira e Portela do Io.

Nun documento do ano 964 fala referíndose a estes lugares de "... et villa de Idolo...", ou sexa que os lugares portugueses de nome "Io" proceden da palabra latina "ídolo". Velaí o que nos pensamos que é a chave da explicación do nome e tamén da orixe da nosa morracense parroquia.

Joaquim da Silveira, famoso toponimista lusitano escribe ao respecto: "**No baixo latín empregou-se o vocábulo idolu (pronunciando com acento tónico no i) no sentido de "imago, effigies", isto é estátua, vulto; mas nos topónimos indicados é também possível que se trate simplesmente de algum penedo antropomórfico**", e refírese a un documento do século XII que menciona: **um padrom ou marco "com semelhança de homem, a modo de ídolo"**.

**Em Braga há também uma propriedade já desde o século XVIII chamada Quintal do Idolo (o povo diz Idro), porque nela existe uma pedra com inscrição romana, onde se ve, de alto relevo, uma figura humana, que foi tomada como um ídolo.**

Este quintal está descrito así nas memórias do Arcebispado de Braga: **Detrás da igreja de S. Joao Marcos está hum quintal, a que chamao O Idolo; nelle está huma fonte funda, com tanque, e tem huma pedra, que parece ser rocha viva, a qual tem huma figura de roupas compridas, que terá cinco palmos,...., e por cima da cabeça tem estas letras: Celicus Fronto Arcobrigensis Ambimogidus Fecit.**

Aos que coñecedes O Hío se vos falasen de onde haberá **unha fonte funda, con tanque**, non dubidariades en pensar loguíño na chamada hoxe **fonte do Geu**, que ten sonda de deitar unha água fresca e constante que non seca nunca.



Á vista dos datos que tiramos dos documentos portugueses e coñecedores da nosa parróquia xa estamos en

condicións de dar unha teoría que explicaría o nome do lugar, e de esguello vai darnos razón da remota orixe do Hío.

As cousas poideron acontecer así: a primeira poboación do Hío armouse ao redor de algo tan importante para a vida dun pobo como é unha fonte, canto mais se é da calidade e regalía da que hoxe se chama "fonte do Geu"; esa fonte debía ter como adorno unha estátua, se cadra con unha inscrición latina como a que describimos existente en Braga, ou había alí un penedo con forma de home. A esa imaxen a xente popular chamaríalle O ÍDOLO pois o noso pobo do mesmo xeito que os populares portugueses entendería que tais cousas eran obra de paganos, daí viría o nome de FONTE DO ÍDOLO, que pasaría a FONTE DO ÍO seguindo as réguas do paso do latín ao galego que reclaman a caída do -D- e do -L- intervogálicos; mais tarde toda a demarcación parroquial sería chamada polo nome de ÍO, ou co seu artigo O ÍO.

Isto debeuno entender moi ben o abade que construíu o que hoxe é a casa reitoral cos seus destros ben murados, que ao facer a obra da fonte retiraría, se é que aínda existía, o famoso ídolo que lle daba nome, pois a tal obra era cousa de xentís e para que ficase claro que a fonte orixinaria do pobo nada tiña a ver con cousas paganas mandou grabar na pedra, nun lugar ben visível: FONTIS DOMINO / ANNO DE 1760, ou sexa FONTE DO SEÑOR, ou FONTE DE DEUS.



En fin seguíu o camino xa usual na igrexa daquel tempo, cristianizar a toda custa todo o que cheirase a paganismo e xentilidade.

Especializado o nome do **Hío** para designar a parroquia inteira, a fonte pasou a tomar o nome dun antigo viciño ou posesor O Geu (se cadra do nome latino Genus, como Ximeu de Ximeno).

Non deixaría de ser unha paradoxa do destino a polémica que séculos mais tarde se deu nesta parroquia ao redor do que o cura entendeu como un "ídolo"; estamos a falar da "dema" ou imaxen que segundo se conta existía na igrexa de San Andrés se cadra representando a unha pecadora, e dado que recibía mais veneración por parte da xente que os santos oficiais foi retirada da visión dos fieis.

É ben curioso que un lugar cun nome que nace ao redor dun ídolo volva vivir séculos adiante un caso de "idolatría"! Funcionarán de feito os inconscientes colectivos dos pobos? E aínda,... poderíanse localizar as imaxes da fonte e da "dema", poida que arrumbadas en calquer canto da parroquia?

Velaíunha boa pesquisa para os investigadores da parroquia, que os ten,... e bóns!

Quedaría tamén cuestionada a ortografía do nome do HÍO, pois o -H- nen sería etimolóxico nen sería o xeito antigo de escribello, xa que nos escritos mais vellos sempre aparece YO ou ÍO; a letra inicial débusele engadir en épocas posteriores ao parecerlle aos escribas que era de pouco peso para un pobo un nome de só dúas letras.

Se todo o que teorizamos aquí fose certo, sería tamén un bon exemplo do fructífero que nos resulta aos galegos dar unha volta polo viciño Portugal, do mesmo xeito que alí estaba agachado o nome do HÍO, alí atoparemos a explicación de moitas cousas nosas e poida que a eles lles aconteza o mesmo connosco; se cadra a chave de antigas incógnitas portuguesas están gardadas nesta vella terra que é a Galiza.

E como final unha demanda aos viciños e ao concello: A fonte do Geu, se a nosa teoría é atinada, é o xerme, a orixe do nacemento do poboamento da parroquia, é pois necesario un cuidado especial na súa conservación, e polo tanto está urxindo unha limpeza das salvaxes pintadas que hoxe enlixan a noble e antiga cantería da súa fábrica; en definitiva estaremos respetando así unha peza que testemuña nosa antiga orixe e a nosa memoria histórica.

